



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FUNDACIÓN CLUSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) PARA A CESIÓN DE USO DE 23 VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E DE ESTACIÓNS MULTIFUNCIONAIS DE ELECTROMOBILIDADE**

Reunidos, na cidade de Santiago de Compostela, a 20 de xuño de 2019

Dunha parte Don Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo da 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra D. Alberto Cominges Barreiro-Meiro, en calidade de xerente da Fundación Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA),

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

**EXPOÑEN**

- I. O artigo 14.1.f) do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúe á Subdirección Xeral de Coordinación de Servizos Transversais, integrada nesa consellería, a dirección do Parque Móbil da Xunta de Galicia e a coordinación dos parques sectoriais pertencentes a outras consellerías.
- II. A entidade "Fundación Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA)", con CIF G- 36.983.575, propietaria de 23 vehículos eléctricos, 6 puntos de recarga rápida e 11 puntos de recarga lenta, que se relacionan na táboa anexa ao presente convenio, está interesada en ceder o uso destes bens á Xunta de Galicia. Así, na reunión do Padroado da Fundación CEAGA de data 4 de xullo de 2016 adoptouse o acordo de aprobar dita cesión á Xunta de Galicia.

En consecuencia, ao abeiro de todo o exposto, no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:



## CLÁUSULAS:

### PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é a cesión, por parte da "Fundación Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA)" á Xunta de Galicia de 23 vehículos eléctricos, 6 puntos de recarga rápida e 11 puntos de recarga lenta, detallándose os vehículos na táboa anexa ao presente convenio.

A cesionaria reconece expresamente que os elementos recibidos en cesión atópanse en perfecto estado de funcionamento e que non presentan defectos, anomalías ou desperfectos que impidan ou limiten o seu uso ou afecten á súa imaxe externa.

As partes sinalan como lugar de entrega e restitución dos vehículos o Edificio Administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela.

### SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN CLUSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA

A Fundación Cluster de Empresas de Automoción de Galicia comprométese a ceder o uso, con carácter gratuito, de 23 vehículos 6 puntos de recarga rápida e 11 puntos de recarga lenta. A entrega dos bens farase efectiva previa sinatura da acta de aceptación por parte da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. A cesión de uso do dito equipamento comezará na data da sinatura da aceptación da cesión e rematará o 1 de marzo de 2021 coa sinatura da restitución dos vehículos obxecto da cesión.

### TERCEIRA.- OBRIGAS DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

A administración cesionaria comprométese a:

- Contratar e manter en vigor a subscripción dos correspondentes seguros obrigatorios de circulación, e a tal efecto, dar de alta os citados vehículos na póliza de seguros de Xunta de Galicia.
- Asumir os gastos de todo tipo que xerasen os bens obxecto da cesión, o seu transporte, utilización, impostos, taxas, sancións e multas de tráfico, mantemento e conservación. Así mesmo, será de conta da entidade cesionaria o pago do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- O correcto uso dos bens cedidos e da adopción de todas as medidas precisas para a súa adecuada conservación e custodia.





- Comunicar ao organismo competente de tráfico a cesión dos vehículos para os efectos oportunos. A titularidade dos ditos vehículos manterase, en todo caso, a nome da fundación cedente.

-Restituír ao remate do convenio, a totalidade das unidades obxecto de cesión en perfectas condicións de uso e funcionamento, tal como as recibe, agás o deterioro producido polo uso e desgaste normal dos mesmos, e respondendo, no seu caso, fronte á Fundación CEAGA dos danos e prexuízos sufridos polos vehículos ata o momento da súa entrega e sinatura da recepción efectiva.

#### CUARTA.- Seguimento do Convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e un representante da Fundación CEAGA. A Comisión mixta poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

#### QUINTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 1 de marzo de 2021 data na que quedará automaticamente resolto a todos os efectos.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase, en duplicado exemplar, polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza

Pola Fundación Cluster de Empresas de  
Automoción de Galicia (CEAGA)

Alfonso Rueda Valenzuela

Alberto Comingues Barreiro-Meiro





## ANEXO I. Vehículos

| MARCA   | MODELO | MATRÍCULA | Nº CHASIS         |
|---------|--------|-----------|-------------------|
| Citroën | Z-Cero | 4675HFP   | VF71NZKZZBU901671 |
| Citroën | Z-Cero | 4676HFP   | VF71NZKZZBU901996 |
| Citroën | Z-Cero | 4678HFP   | VF71NZKZZBU901752 |
| Citroën | Z-Cero | 4679HFP   | VF71NZKZZBU902266 |
| Citroën | Z-Cero | 4683HFP   | VF71NZKZZBU901612 |
| Citroën | Z-Cero | 4684HFP   | VF71NZKZZBU902105 |
| Citroën | Z-Cero | 4685HFP   | VF71NZKZZBU901750 |
| Citroën | Z-Cero | 4801HFP   | VF71NZKZZBU902264 |
| Citroën | Z-Cero | 4804HFP   | VF71NZKZZBU901785 |
| Citroën | Z-Cero | 4807HFP   | VF71NZKZZBU902044 |
| Citroën | Z-Cero | 4808HFP   | VF71NZKZZBU901955 |
| Citroën | Z-Cero | 4890HFP   | VF71NZKZZBU901758 |
| Citroën | Z-Cero | 4891HFP   | VF71NZKZZBU901669 |
| Citroën | Z-Cero | 5124 HFP  | VF71NZKZZBU901540 |
| Citroën | Z-Cero | 5125 HFP  | VF71NZKZZBU901580 |
| Citroën | Z-Cero | 5128HFP   | VF71NZKZZBU901496 |

| MARCA   | MODELO | MATRÍCULA | Nº CHASIS         |
|---------|--------|-----------|-------------------|
| PEUGEOT | ION    | 6252HGF   | VF31NZKZZBU803329 |
| PEUGEOT | ION    | 6265HGF   | VF31NZKZZBU803292 |
| PEUGEOT | ION    | 6302 HGF  | VF31NZKZZBU803083 |
| PEUGEOT | ION    | 6304HGF   | VF31NZKZZBU803254 |
| PEUGEOT | ION    | 6305HGF   | VF31NZKZZBU803244 |
| PEUGEOT | ION    | 6306HGF   | VF31NZKZZBU801525 |
| PEUGEOT | ION    | 6323HGF   | VF31NZKZZBU803383 |